



Avenida de Vigo, 2
36640 PONTECESURES
Tfno.: 986 557 125 - 986 564 415
FAX: 986 557 554
www.pontecesures.org

COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAIS PARA ACTIVIDADE

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Ponteareas. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro do Concello.

1. Datos da persoa solicitante ou representante:

Nome e apelidos / Razón social:NIF / DNI / NIE.....
Nome e apelidos Representante NIF / DNI / NIE.....
Domicilio:.....Nº Localidade e CP
Dirección notificación:NºLocalidade e CP.....
Teléfono:.....
Correo Electrónico

2. Localización do local:

LocalizaciónNº CP
Referencia
catastral

3. Descrición da actividade:

Descrición da actividade: Superficie Total:.....m2
Denominación comercial:.....
Tipo de actividade:
☐ Inocua
☐ Suxeita a avaliación ambiental.
☐ Actividades Espectáculos ou Recreativa

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta e que achega a seguinte documentación que acredita :

- Que as características indicadas reflicten fielmente as obras a realizar e as actividades ou instalacións a desenvolver.
- Que se dispón de maquinaria, estará instalada sobre soportes antivibratorios e illada de paredes medianeiras.
- Que a actividade disporá de extintores, iluminación de emerxencia e sinalización, segundo o disposto na normativa vixente.
- Que as instalacións de climatización cumpren coas normas de instalación fixadas polo PXOM.
- Que as obras solicitadas non están suxeitas a licenza municipal previa de conformidade co artigo 194.2 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- Que a edificación non está suxeita a ningún tipo de catalogación.
- Que as obras cumpren integramente a normativa municipal do Concello de Ponteareas.
- Que se respectarán as normas de boa construción, convivencia cidadá e respecto polo descanso dos veciños.
- Que se cumprirán os requisitos da normativa específica de tratamento de residuos.
- Que a edificación principal conta con licenza de primeira ocupación (ou identificarase ao promotor e ano de construción).
- Que a actividade cumpre coas normas de accesibilidade.
- Que conta coas autorizacións para a ocupación do dominio público ou sectoriais que resulten necesarias.
- Que na execución da obra respectaranse as medidas de seguridade e saúde laboral segundo RD 1627/97
- Que achega toda a documentación preceptiva.
- Que son certos todos os datos recollidos neste impreso

ASÍ MESMO,

- Que realizará as obras de conformidade co proxecto técnico presentado.

AUTORIZA, aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

Esta comunicación debe realizarse cunha antelación mínima de 15 días ao inicio das obras

Unha vez rematada a instalación o/a solicitante comprométese a presentar comunicación previa do inicio da actividade aportando certificado final da obra e das instalacións.

Ponteareas..... de.....de 20....

Sinatura do/a solicitante Nome DNI.....

ADVIRTESELLE QUE consonte co disposto no artigo 26 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos". Así mesmo, "a resolución administrativa que constata as circunstancias ás cales se refire o parágrafo anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a existencia de responsabilidades, e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado de entre tres meses a un ano".

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE PONTECESURES

ACTIVIDADES SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA

CALQUERA ACTIVIDADE ECONÓMICA, EMPRESARIAL, PROFESIONAL, INDUSTRIAL OU COMERCIAL **EXCEPTO:**

- a) A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas que se desenvolvan en establecementos públicos cunha capacidade superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.
- b) A instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas ao establecemento.
- c) A celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles.
- d) A celebración dos espectáculos públicos e actividades recreativas ou deportivas que se desenvolvan en máis dun termo municipal.
- e) A celebración dos espectáculos e festexos taurinos.
- f) A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas cuxa normativa específica exixa a concesión de autorización.

OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA

OBRAS QUE ACONDICIONAN UN LOCAL PARA O EXERCICIO DUNHA ACTIVIDADE mediante a introdución de novas instalacións, a modernización das existentes ou a redistribución do seu espazo interior, sen intervir sobre as características morfolóxicas do edificio, as instalacións xerais ou estrutura portante, nin alterar a envolvente do edificio, **EXCEPTO:**

- a) Locais en edificios incluídos no Catálogo de Edificios, Bens e Elementos Protexidos do Plan Xeral vixente ou calquera outro catálogo.
- b) Obras que de conformidade co artigo 194.2 da LOUGA estean suxeitas a licenza municipal previa

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

1. DOCUMENTACIÓN XERAL

- ☐ Datos identificativos da persoa solicitante:

- Persoas físicas:

-Fotocopia do DNI (ou documento que faga as súas veces) (do solicitante e do representante).

-Os que comparezan ou asinen en representación doutro, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente a devandita representación (fotocopia da autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).

- Persoas xurídicas:

-Fotocopia do DNI (ou documento que faga as súas veces) do representante e documentación acreditativa da representación.

-Fotocopia da escritura ou documento de constitución e/ou Estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

- ☐ Documento acreditativo da dispoñibilidade do local (contrato de arrendamento ou escritura de compra, etc.)
- ☐ Orzamento.
- ☐ Plano
- ☐ Reportaxe fotográfica do local, fachadas e interior do local e da zona onde se van a levar a cabo as obras.

2. SE A ACTIVIDADE ESTÁ SUXEITA A PROCEDEMENTO PREVIO DE AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL

- ☐ Declaración de incidencia ambiental
- ☐ Copia do proxecto do obra ou actividade asinada por técnico/a competente
- ☐ Certificado do técnico/a ou dos técnicos/as que autoricen o proxecto de que este cumpre coa normativa técnica de aplicación.

3. Aos documentos anteriores, os solicitantes deberán achegar o documento de Autoliquidación da taxa correspondente.

Segundo a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas urbanísticas correspondente á obra menor **12,02 euros.**